



Concello de Meaño

D^a M^a TERESA ESCUDERO BARRAL, secretaria-interventora do Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 9 de outubro de 2023, e segundo resulta do borrador da acta desta sesión e coa salvedade que establece o artigo 206 do R.D. 2568/1896, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“25º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA XUSTIFICACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA AO CEIP AS COVAS MEAÑO PARA A REALIZACIÓN DA EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO. (EXP. 493/2023).-

Vista a documentación xustificativa presentada polo C.E.I.P. Plurilingüe de Meaño “As Covas”, correspondente á axuda concedida, para a realización da viaxe de fin de curso organizada polo centro para as/os alumnas/os de 6º curso á Pena Aventura os días 30 de maio ao 1 de xuño, pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 30 de maio de 2023, por importe de 20,00 € por alumno participante.

Considerando que segundo se recolle no certificado aportado polo CEIP Plurilingüe de Meaño “As Covas” á excursión asistiron 16 alumnos/as, acadando un custo total de 3.900,00 €, disgregados nos gastos e aportacións que se relacionan a continuación:

1. Custo da saída: 3.900,00 €
2. Custo de transporte Pena Aventura: 1.260,00 €
3. Custo estancia, comida e actividades no parque: 2.640,00 €
4. Contía adiantada polo centro en previsión á concesión das axudas solicitadas ao Concello de Meaño: 320,00 €

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros, acorda:

- 1º.- Darlle o visto e praxe á documentación xustificativa presentada.
- 2º.- Recoñecer a obriga que deste acordo se deriva por importe de 320,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 326.480.02.
- 3º.- Que se proceda á ordenación do pago.”





Concello de Meaño

E para que así conste e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino o presente, de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde D. Carlos Vieitez Fernández, en Meaño.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

